



Concello de Cangas

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLE/2017/11	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	24 de novembro de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 20:05 ata as 22:30 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretaria Accidental</b>	MARIA RODRIGUEZ GOMEZ

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ



Concello de Cangas

78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### Aprobación da acta da sesión anterior 27 de outubro 2017

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 19, En contra: 0, Abstencións: 1,  
Ausentes: 1

O Concello Pleno, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada o 27 de outubro de 2017, agás o Sr. Graña que di que se abstén na votación ó non estar presente na sesión anterior

##### Expediente 6044/2017. Aprobación das Contas Xerais do Concello de Cangas e do Organismo Autónomo de Deportes correspondente ó exercicio 2016

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 11, En contra: 8,  
Abstencións: 2, Ausentes: 0

Incidencias: cando son as 20:08 minutos chega o concelleiro Sr. Gestido Porto.

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 20.11.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 15.11.2017, relativa a aprobación das Contas Xerais do Concello de Cangas e do Organismo Autónomo de Deportes correspondente ó exercicio 2016, que é como segue:

*“Vistas as Contas Xerais do Concello de Cangas e do Organismo Autónomo de Deportes correspondentes ao exercicio económico 2016 xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.*

*Vistos os artigos 200 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto*



*Refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais.*

*Visto que as mesmas foron expostas ao público, a partir da publicación no BOP n° 189 de data do 02/10/2017, do 03/10/2017 ata o 06/11/2017, sen que durante o correspondente período de exposición pública foran presentadas reclamacións, reparos ou observacións, segundo consta no certificado emitido pola Secretaría municipal.*

*Visto o informe da Comisión Especial Única Especial de Contas, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, proponho ao Pleno a adopción do seguinte:*

#### ACORDO

*PRIMEIRO.- Aprobar as Contas Xerais do Concello de Cangas e do Organismo Autónomo de Deportes, correspondentes ao exercicio económico 2016.*

*SEGUNDO.- Render as Contas Xerais así aprobadas e toda a documentación que as integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Alcalde:** di que este asunto xa se discutíu na comisión informativa.

**Sr. Millán Blanco:** pregunta se o exporá o concelleiro.

**Sr. Alcalde:** di que non.

**Sr. Millán Blanco:** di que non se sabe o motivo do retraso nesta aprobación xa que tería que estar aprobado antes do un de outubro do ano en curso

Esta conta vén reflectindo feitos xa denunciados, nas mesmas se reflicte un resultado positivo de máis de dous millóns de euros .Non se baixou o tipo impositivo do IBI do 5,5 %, Di que cos números exactos hai argumentos apoiar unha baixada do IBI. Este ano non se tocou ningún imposto,e perdouse algunha bonificación por parte do veciños de Cangas. ( o 50% das vivendas sociais). Sobran motivos para retocar este tema

Nas contas aparecen cuestións que se repetirán nos presupostos 2017, o tema da partida 338, pro exemplo, da festa de Cangas, o orzamento inicial era de 70.000 € e, incrementouse a partida en 35.000 € e ó final o gasto recoñecido a 31.12.2016 é de 116.000 €, existe un desfase de máis de 5.000 €.Xa se meteron, nun recoñecemento extraxudicial de crédito, facturas do ano 2016 no ano 2017 .

Este ano atopámonos outra vez coa mesma situación. Pide que se dote en condicións esta partida presupostaria.Se dotou de 67.000/ 68000 €, estaremos outra vez nesta situación

Se incrementou ano tras ano o Gasto do capítulo II. Gastos Correntes, en dous anos máis de 1.000.000 € respecto da siutación anterior, que é onde se debería ver o aforto

Un exemplo é a contratación administrativa en procedementos abertos,a traves de concurso máis ou menos adxudicáronse unha 300.000 e a dedo se contrataron máis de 250.000 € que continua aumentando o gasto corrente



Di que votarán en contra.

**Sr. Alcalde:** dille a Pio que é pouco festeiro. Di que como están co debate dos orzamentos o terán en conta a proposta de incorporar a partida nos mesmos. Replícalle que o gasto corrente non é superfluo, deportes, cultura, servizos sociais son gastos necesarios. Non son investimentos, o di de tal xeito que parece que a corporación gasta no que lle da a gana, cousa que non é así

En canto ao balance positivo sabe que vai para pagar a débeda, que neste caso é moi alta. Deberían felicitar ao goberno por aforrar. Di que é o seguinte a demagogia pedir diminuír os impostos cando foron eles os que subiron o IBI, e despois o emendaron baixando un pouco. O subiron por detrás. Non o fan cando gobernan, que suben os impostos, sona a cachondeo. Dille ao Sr. Sotelo que xa se verá no ano 2019.

**Sr. Abalo Costa:** indica que con habilidade o Sr. Pio Millán está a levar o debate a un debate anticipado dos orzamentos e oculta unha débeda que xurdíu co goberno do PP.

**Sr. Iglesias Santos:** O análise das contas pode ter varias matizacións. Di que se constata un aforro, que non é tal nas contas. Que nunca esta de máis porque cada dous por tres aparecen sorpresas na contabilidade e se precisan cartos para facerlles fronte. Indica que este tema debería tratarse nun pleno monográfico, como os presupostos e para poder facer unha análise pormenorizada. Pide que se entregue a documentación con antelación para estudiala e contrastala, porque este documento contable supón máis de 500 páxinas

O PSOE di que é o equipo de goberno o responsable do que sucede cos cartos no concello e, nas próximas eleccións o pobo de Cangas determinará se está ven empregado os cartos e se debe ter en conta.

Di que se debe intentar

- 1.- Reducir impostos para as persoas con menos recursos
- 2.- Dar os servizos de xeito eficiente: bos, baratos e bonitos se se quere. Que con menos cartos que se faga máis

Di que o seu grupo se vai abster por falta de tempo para analizar a documentación

**O Sr. Gestido Porto;** indica que opina igual que o seu compañeiro do PSOE que é equipo de goberno é o responsable do que sucede cos cartos no concello e absterase na votación por falta de tempo para analizar a documentación

**Sr. Millán Blanco:** en base ós comentarios feito polo Alcalde e Concelleiro di que tentou falar dos orzamentos do 2017 e non do 2018, en canto das festas de Cangas 2016, etc.

O tema da débeda citado polo Alcalde e o concelleiro é o de sempre, a finais de 2011 practicamente tiñamos que pechar o Concello e mandar á xente para a casa, con 17.000.000 € negativos de remante de tesourería, este impago (débeda vencida) tiña que cubrirse con financiación, e que o goberno central decidiu facelo nunhas determinadas condicións. O IBI, por debaixo de 3.100.000 € sería suficiente para cubrir a débeda, sobre 1.500.000 €. menos do que se recauda

Non pretendía sinalar que os gastos correntes fosen superfluos, senon que indica que varias partidas se descontrolan, como é a da limpeza, mantemento de vehículos. Na lexislación se daban os mesmos servizos que agora e se aforraba con concurso, etc. Se está disparando o gasto corrente, deben tomar medidas



Puntuliza que ó inicio da lexislatura os que sairon á rúa indicando que baixarían os impostos foron eles. Dille ó Alcalde que fixo unha entrevista no faro de vigo e unha das respostas que deu foi que baixaría os impostos

**Sr. Alcalde:** Eso é mentira. O que puideron dicir era que se estudiaría a posibilidade de baixalos porque non coñecía a situación económica do Concello. Incluso iso iría no programa electoral. Reitera que lle molesta que equipare gasto corrente con superfluo , lendo entre liñas vai por ahí. Evidentemente puntuliza que con este goberno hai máis actividade en algúns departamentos que co goberno do PP : cultura, deportes, ensino.

Direille un dato. Hai unha sentenza que obriga a pagar 320.000 € a Serauga ven porque os Sr. Sotelo dixo que non se pagaba. Isto é o problema

**Sr. Millán Blanco:** Replica que esa sentenza se empezou a pagar na lexislatura anterior e están pagando os prazo e pregunta ¿ Cantas sentencias se gañaron a Aqualia por este Concello? Di que máis de 5 , que representan máis de 150.000 € para as arcas municipais. O que interesa é o que interesa

Vostede pormeteu a baixada o IBI. A subida do 0,5/06,6 do IBI veu imposta por Madrid, e non momento en que o pudimeos o baixamos a 0,500

**Sr. Alcalde:** dille que despois de subir o 12

**Sr. Iglesias Santos:** Pide , en aras da transparencia no Concello que., todos os veciños de Cangas deberían saber en que se gastan os cartos de xeito comprensible

**Sr. Alcalde:** Di que lle gustaría que existise un pleno extraordinario para tratar ese tema pero o plan de axuste aprobado neste Concello marca que sólo exista un anual e ese é o dos orzamentos

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).

**Votos en contra:** 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

**Abstencións:** 2 (1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 7305/2017. Proposta sobre Adhesión á estratexia de promoción da saúde e prevención no sistema nacional de saúde**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 20.11.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta do Concelleiro de Servizos Sociais, relativa á adhesión á estratexia de promoción da saúde e prevención no sistema nacional de saúde que é como segue:



*”A proposta de adhesión á Estratexia de promoción da saúde e prevención no sistema nacional de saúde (SNS) realizada polo Concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade.*

*A estratexia de promoción da saúde e prevención no sistema nacional de saúde (SNS) persegue a promoción da saúde e a prevención co obxectivo de gañar anos de vida en boa saúde e libre de discapacidade.*

*Esta Estratexia propón o desenvolvemento progresivo de intervencións identificadas como boas prácticas e baseadas na evidencia científica, dirixidas a promocionar a saúde, previr as enfermidades, as lesións e a discapacidade, actuando de maneira integral durante todo o curso da vida sobre factores como a actividade física, a alimentación, o tabaco, o alcohol e o benestar emocional, tendo en conta as contornas nos que vive a poboación e cunha vocación de universalidade das intervencións.*

*As actuacións que se porán en marcha nunha primeira fase céntranse en:*

*- Facilitar información de calidade para que todas as persoas poidan desenvolver estilos de vida saudables. É dicir, recomendacións e apoio á cidadanía sobre como facer que os seus estilos de vida sexan máis saudables. A isto denomínaselle na Estratexia "consello integral en estilos de vida saudables".*

*- Facilitarase información e colaboración dos recursos (sanitarios ou non) dispoñibles na zona para promover estilos de vida máis saudables; isto é o que se denomina "vincular o consello en estilos de vida aos recursos comunitarios". Deste xeito, coordinaranse os recursos ofrecidos na contorna sanitaria, cos dispoñibles na comunidade e na contorna educativa.*

*- Focalizaranse estas accións en poboación infantil, durante o embarazo e a lactancia e a poboación adulta.*

*- Para a poboación maior de 70 anos, desenvolveranse plans de seguimento individualizado para a mellora da saúde e de prevención da fragilidade, entendida como unha situación de maior vulnerabilidade e de risco para a discapacidade e dependencia nas persoas maiores. A finalidade é que a poboación maior manteña o maior nivel de autonomía o máximo de tempo posible.*

*O ámbito local considérase unha contorna esencial para a Estratexia e para gañar saúde no municipio. Os Gobernos Locais temos unha influencia directa na saúde da poboación traballando conxuntamente entre sectores e contando coa participación dos cidadáns.*

*É por iso que como Concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade*

*Presenta, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte:*

#### *Proposta de Acordo*

*1. O Pleno da Corporación aproba a adhesión á estratexia de promoción da saúde e prevención no sistema nacional de saúde (SNS), segundo figura na Guía para a implementación local da Estratexia de promoción da Saúde e Prevención no SNS:*

*[http://www.msssi.gob.es/profesionales/saludpublica/prevpromocion/estrategia/docs/guia\\_implementation\\_local.pdf](http://www.msssi.gob.es/profesionales/saludpublica/prevpromocion/estrategia/docs/guia_implementation_local.pdf)*

*2. Realizarase por parte do alcalde ou en quen delegue unha declaración institucional/presentación pública dirixida á cidadanía onde se publlicite o compromiso municipal de adhesión á Estratexia de Promoción da Saúde e Prevención no SNS.*



3. Designado un/ha coordinador/a para a implementación local da Estratexia, cuxos datos figuran en anexo a este documento.
4. Avanzar na constitución dunha mesa intersectorial no municipio como instrumento de colaboración entre sectores para gañar saúde nun marco de saúde en todas as políticas.
5. Facilitar á poboación información dos recursos comunitarios dispoñibles para mellorar a saúde e a calidade de vida das persoas que forman parte da comunidade.
6. Que se realicen os trámites oportunos para a adhesión formal á Estratexia de Promoción da Saúde e Prevención no sistema nacional de saúde (SNS), dando traslado deste acordo ao Ministerio de Sanidade, Servizo Sociais e Igualdade e á Federación Española de Municipios e Provincias.”

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Hermelo Álvarez:** indica que é un requisito á hora de solicitar unha subvención, É un compromiso con motivo da proposta do PSOE de acadar un consenso para camiñar hacia unhas cidades saudables e para acceder a unha subvención

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 7187/2017. Actualización do rueiro municipal da parroquia de Darbo**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade  
/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 20.11.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Concelleira de Obras e Servizos do día 16.11.2017, relativa á actualización do rueiro municipal da parroquia de Darbo, que é como segue:

*“Aprobado polo Concello Pleno o 29/09/2006 o novo rueiro e a planimetría correspondente, e para seguir co traballo de implantación na parroquia de Darbo, nos lugares de Santa Marta, O Piñeiro, O Seixo, As Barreiras, Cunchido, A Serra de Poente, San Roque e Balea, tras escoitar á veciñanza nas súas suxestións, proponse o seguinte listado adxunto de rúas para esta parte da parroquia de Darbo, coas modificacións propostas polos veciños/as nalgúns tramos de vías e rúas, actualizando e corrixindo os nomes de acordo coa toponimia local e a normativa vixente.*

*Así mesmo, inclúense un anexo das novas rúas e tramos de vías da parroquia de Darbo, xunto coas modificacións respecto da planimetría aprobada inicialmente, para incluír no inventario de bens municipais e no rueiro do Padrón municipal.*

*De conformidade co Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais procede a súa*





**Concello de Cangas**

*aprobación plenaria, polo que propoño ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:*

*PRIMEIRO.- Aprobar a actualización do rúeiro municipal da parroquia de Darbo, lugares de Santa Marta, O Piñeiro, O Seixo, As Barreiras, Cunchido, A Serra de Poente, San Roque e Balea, conforme ao listado de rúas e números que se xuntan no anexo e coas modificacións propostas con respecto ao aprobado inicialmente o 29/09/2006, así coma a súa inclusión no padrón municipal de habitantes e no inventario de bens do Concello.*

*SEGUNDO.- Publicar o presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia a efectos do seu xeral coñecemento, unha vez implantado o rúeiro.*

*TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao Instituto Nacional de Estatística, á Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Facenda, aos departamentos municipais interesados e a outros organismos públicos ou empresas que presten no Concello servizos destinados á colectividade.*

**ANEXO**

SIGLA	NOME	RUAS MODIFICADAS CON RESPECTO AO PLANO DO 2006
RUA	BARBATE	
AVENIDA	DE BUEU	
RUA	DA CAÍNA	No plano de 2006, Rúa Gonzalito e Rúa da Caina
CAMIÑO	VELLO DE SAN ROQUE	
RUA	DAS CAMPUXAS	
RUA	O CASAL	
RUA	CATALINA DE LA IGLESIA	
URB.	COOP. AIRIÑOS DO MONTE	
RUA	DIEGO XELMIREZ	
RUA	ELVIRA MARTINEZ	
RUA	DO GATAÑAL	
RUA	DA GRANXA	
RUA	DOS HEROES DE 1617	
RUA	DO LOPO	
RUA	AS PONTES	
AVDA	DE PONTEVEDRA	
RUA	PONTILLÓN	
RUA	DA SERRA DE POENTE	
RUA	DO TOBAL	
AVENIDA	DE VIGO	
RUA	DO AREIRO	
RUA	DAS BARREIRAS	





Concello de Cangas

RUA	DA BARREIRA	
RUA	BEIRAMAR	
RUA	DA CANEXA- CUNCHIDO	
RUA	DO CARRIZO	
RUA	DO CASAL	
RUA	DA COSTA - CUNCHIDO	No plano de 2006, pon Rúa da Costa
RUA	DE CUNCHIDO DE ABAIXO	
RUA	DE CUNCHIDO DE ARRIBA	
RUA	ESTRADA DE DARBO	
RUA	DA FONTE DO PIÑEIRO	
RUA	CAMIÑO DE LIMENS	No plano de 2006, pon Rúa Frondoal
RUA	DA GARITA	
RUA	DA GRANXA	
RUA	HERBELLO A MAGDALENA	
RUA	LAGOÍÑA	
RUA	DA LAXE NEGRA	No plano de 2006, é un tramo de Rúa Santa Marta
RUA	DO MONTE DE SAN ANTONIO	No plano de 2006, pon Rúa do Monte de San Antoniño
RUA	DA PINELA	
RUA	DO PIÑEIRO	
RUA	DO POMBAL	
RUA	DO PORTO	
RUA	DA PRAGUEIRA	
RUA	DA QUIRINGOSTA	
RUA	DO RABUXIÑO	
RUA	DE RECANLES	
RUA	DO REGUEIRO	
RUA	DE SAMPERES	
RUA	DOS TOMBOS	No plano de 2006, é un tramo de Rúa Santa Marta
RUA	DO TORREIRO	No plano de 2006, é un tramo de Rúa Santa Marta
RUA	PLEAMAR	No plano de 2006, é un tramo de Rúa Santa Marta
RUA	DO SEIXO	
RUA	DA SERRA DE POENTE	
RUA	DE VIACOVA	
RUA	SOLMAR	No plano de 2006, pon Rúa da Laxe Negra
RUA	ARRECIFE	No plano 2006, pon Rúa Bda. O Salgueirón. Xa acordado en pleno.
RUA	BAIXADA A AREAMILLA	No plano 2006, un tramo de Rúa Bda. a Congorza
RUA	BERMEO	



**Concello de Cangas**

RUA	DA FLORIDA	
RUA	DA FONTE DO SAPO	
RUA	FORTE DE BALEA	No plano 2006, pon Rúa Centro de Balea e Forte de balea
RUA	ISLA CRISTINA	
RUA	LAJES DO PICO	No plano de 2006, pon Rúa Bda. A Congorza. Xa acordado en pleno
RUA	OUTEIRO	
RUA	SANTOÑA	No plano de 2006, é un tramo de Rúa Outeiro
RUA	SANTA POLA	No plano 2006, é tramo de Rúa Pepe Simón e Rúa Centro Balea
RUA	BALEA	No plano 2006, é tramo de Rúa Pepe Simón

**DELIBERACIÓNS:**

**Sra. Giráldez Santos:** indica que a proposta é continuar co que se ven facendo no Hío, para seguir con parte de Darbo, e continuar co resto de Darbo e Cangas. Está consensuado coas asociacións veciñais. Revisárese o nomenclator dalgunhas rúas

**Sr. Iglesias Santos:** indica que se debe dar coñecemento a Correos porque hai problemas nos repartos de Aldán e O Hío.

**Sr. Millán Blanco:** di que dúbida sobre tres cuestións e a extrañeza que na proposta anterior negociada desaparece a baixada ó Salgueirón, baixada á Congorza e Rúa de Pepe Simón En algún caso fala de que é por acordo plenario e noutros no, en cambio a rúa Pepe Simón se puxo no seu día por acordo plenario

**Sr. Gestido Porto:** apoian a proposta porque entenden que se trata de actualizar as rúas e si quere saber se corresponde co aprobado en pleno.

**Sra. Giráldez Santos:** O que se traslada aquí e logo da revisión do acordos plenarios. No caso de Pepe Simón non se dera traslado ao Catastro , quedaría Santa Pola e se continuaría como Pepe Simón na parte final da rúa. Non falta ningunha rua, faltan algunhas zonas que aínda non se incorporaron. Está todo controlado, se hai algún erro ou dúbida de números corríxese en estatística.

O Catastro xa o está aplicando este rueiro e comunicárase a todos os organismos: correos, catastro. Por iso os trámites son tan logos, leva moito trámite de papielo, igual que Aldán e o Hío. Prevese asimesmo números en parcelas edificables para non ter despois que notificar con a,b,c ,de, etc...

**Sr Millán Blanco:** Si non entnedín mal ¿ ao final queda algún tramo pequeno da Rúa Pepe Simón? ¿Hai algunha posibilidade de salvar algunha das baixadas?

**Sra. Giráldez Santos:** Os topónimos é o que tratamos de recuperar. As propostas eran estas , pero hai que manter os acordos plenarios aprobada por vostedes no 2005/2006

**Sr. Millán Blanco:** No seu día traballamos este tema. O meidia que pasa o tempo se vai dando novas demandas, di que como continuan co traballo votarán a favor.

**Sr. Abalo Costa:** di que deben ser coherentes, que non é normal poñer nomes en liña ca toponimia pero cando se tomaron as decisións actuaron no sentido contrario.



Concello de Cangas

**Sr. Iglesias Santos:** indica que na última páxina aparece a rúa de Lajes do Pico, Samperes, se é un erro

Sra. Giráldez Santos: é unha illa e un pobo portugués

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 7173/2017.Moción dos grupos municipais con motivo do día internacional contra a violencia de xénero**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 20.11.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción dos Grupos Municipais do día 31.10.2017, relativa á conmemoración do día internacional contra a violencia de xénero, que é como segue:

*“Un ano máis, con motivo do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, desde o Grupo Municipal Socialista queremos manifestar o noso máis firme compromiso coas mulleres vítimas da violencia de xénero. Un compromiso activo día a día, porque para erradicar a violencia requírese o compromiso individual e colectivo durante todos os días do ano.*

*A loita contra a violencia que se exerce cara ás mulleres, debe ser unha prioridade que nos obriga a toda a sociedade no seu conxunto. Unha obrigación que lle corresponde en primeira instancia aos gobernos e administracións no marco das súas correspondentes competencias.*

*A violencia de xénero afunde as súas raíces na histórica desigualdade que tiveron e aínda seguen tendo as mulleres, como consecuencia do patriarcado existente nas nosas sociedades, por iso é fundamental abordar a súa erradicación desde as políticas de igualdade, desde o feminismo, para favorecer unha cultura da igualdade fronte a unha cultura da submisión.*

*No noso país dispoñemos dun marco lexislativo a través da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, tamén de leis autonómicas na maioría das Comunidades Autónomas e recentemente foi aprobado polo Congreso dos Deputados o Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero.*

*Para contribuír a erradicar a violencia de xénero precísanse medidas políticas e institucionais desde os diferentes ámbitos que aborden o problema de maneira integral e sexan capaces de dar resposta ás necesidades específicas das mulleres vítimas e ás das súas fillas e fillos.*

*Non se poderá avanzar na erradicación da violencia e na atención específica ás mulleres, se non se establecen os mecanismos de coordinación necesarios entre as diferentes administracións e institucións con responsabilidade na materia, pero tampouco se poderá seguir avanzando se non se dotan ás distintas administracións dos recursos económicos e de*



*persoal especializado adecuados.*

*Na resposta integral, as administracións locais son unha peza clave e xogan un papel fundamental. Os Concellos pola súa propia definición como institución máis próxima á cidadanía e ás necesidades sociais, supoñen o primeiro estamento na prevención así como na atención a través de información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos.*

*É imprescindible dotar de novo aos Concellos das súas competencias en materia de igualdade. É necesario e imprescindible contar coas estruturas municipais e a súa implicación na loita contra a violencia de xénero, e para iso é fundamental dotarlles de recursos adecuados.*

*Neste sentido, convén sinalar o aprobado no Pacto de estado contra a violencia, con respecto aos Concellos e á función que deben desempeñar.*

*Por todo o exposto, os grupos municipais solicitan ao pleno da corporación a toma dos seguintes:*

**ACORDOS:**

*1 - Instar ao Goberno de España, a que inicie os trámites para as modificacións legislativas necesarias, co obxecto de devolución das competencias ás entidades locais no exercicio das políticas de igualdade e contra a violencia de xénero.*

*2.- Instar ao Goberno de España, ao cumprimento do compromiso económico acordado no PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, co obxecto de destinar vía transferencia ós Concellos, un incremento anual de 20 millóns de euros durante os próximos 5 exercicios, para o desenvolvemento das medidas correspondentes contempladas no devandito Pacto.*

*3.- Dar traslado da Moción e a súa aprobación ao Presidente do Goberno, á Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ao Ministro de Facenda e Función Pública, así como ao Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).”*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Alcalde:** di que a moción orixinariamente presentou polo PSOE coa idea de poñelo a disposición do resto grupos municipais para que o asumisen coma propia. Esa disposición amosouse xa polo equipo do goberno ACE, ASPUN E BNG.

**Sr. Iglesias Santos:** un ano máis temos que celebrar un día internacional contra a violencia de xénero, ó millor era non ter que celebrar dita efeméride . Neste ano case chega ao cento as mulleres asasinadas. Dá lectura aos acordos da proposta.

Di que hai que modificar algún aspecto da lei que é xa do ano 2004.

**Sr. Sotelo Villar:** neste punto durante moitos anos sempre se fixo unha declaración institucional. Non haberá problema, independentemente do texto di que votarán a favor, pero que no primeiro punto falan de devolución de competencias, pero quere sinalar que hai moitos concellos aos que lle sería imposible actuar coas limitacións existentes . Cree que sería bo facer unha declaración institucional. Insiste , se vai así non hai problema

**Sr. Alcalde:** di que entende que o Sr. Iglesias Santos, cando fala de competencias de entidades locais, ( como administración máis cercana) fala de competencias e medios económicos para



desenvolvelas. Somos as administracións que vivimos este tema en primeira persoa.

Tal e como consta no ditame da comisión a moción se apoia polos grupos do goberno e Psoe. Se os outros grupos deciden sumarse, máis alá da votación aparecería na acta como moción conxunta.

Non tivo tempo a redactar unha declaración institucional por temas persoais para traelo a pleno Propón que se sumen e que aparece como moción conxunta.

**Sr. Gestido Porto:** Di que tanto como moción ou declaración institucional estamos de acordo.

**Sr. Sotelo Villar:** repite que están a favor. Insiste con concellos con moitas dificultades, que non se malinterprete

**Sra. Giráldez Santos:** di que non lle gusta que diga que se celebra o día senon máis ben de condena o día. Se necesitan menos discursos e máis recursos.

**Sr. Abalo Costa:**O portavoz do PSOE non é culpable de nada, isto e unha cuestión de mobilización. Algo esta fallando, con este sistema é imposible a igualdade por muito que se nos venda .A proba é que cada catro mozos ven normal esta situación,segundo as enquisas.Só hai que ver o trato intolerable, delictivo da Razón, ABC dando carnaza á defensa da Manada. Este tratamento mediático é unha violencia, unha tolerancia brutal

**Sr. Hermelo Álvarez:** entende , como dixo o Alcalde, que cando se fala de competencias, o concello traballa directamente cas mulleres. Nos datos de Cangas mantñense estables nos últimos anos , son máis de 600 atencións e 40 de violencia. Temos unha persoa e media.

Hai competencias que non se poden dar polo concello,seguridade , porteción pero temos moito que traballar e defender

Non está de acordo ca declaración institucional. Non se pode pretender facer un brindis ao sol como é o caso dunha declaración institucional, sobre todo despois da campaña da Xunta o 25 de novembro

Hai que facer unha loita real. Non se pode facer seguimento á muller, senón ao home. Non serve se non se pode facer. Se debe vixiar ó home. Todas as medidas son precisas e se debe demostrar. Non vale se quen ten a capacidade non o fai

Convida aos presentes á manifestacion do día 12.

**Sr. Iglesias Santos:** esta non é unha moción oportunista para hoxe nin para mañán , a finalidade é que fose asumidao por todos.

Hai trece anos cando se aprobou a lei 1/2004 recibiu moitas mofas por parte des sectores conservadores. Agora se proba que é insuficiente e que hai que completala

Dille ao Sr. Sotelo Villar que son necesarios os medios económicos para os Concello s. Cada dous por tres no Xulgado se atopan con violencia de xénerio e hai que abandonar a casa e o concello máis dunha vez tivo que asumir o custo do hotel por abandonar a casa. Hai que tomar decisións rápidas, isto é o que da unha dimensión do grave que é o problema. Cre necesario que a sociedade non mire para outro lado, e que se informe na educación.

**Sr. Sotelo Villar:** di que aquí nos dixo que non fora necesario un incremento da dotación económica . Dille ó Concelleiro da área que unha declaración institucional non é un brindis o sol senón unha maneira de visualizar o problema



Coincide co Sr. Iglesias que a educación é fundamental, todo o acoso a través das redes é horroroso

**Sr. Alcalde:** di que todo somos conscientes do problema e interesa visualizado.

**Sr. Hermelo Álvarez:** O de mañá é unha manifestación na rúa

A violencia machista é un problema do presente non de futuro

**Sr. Alcalde:** di que a intervención do Sr. Sotelo e de cara a que é un problema de futuro e ninguén pode quedar tranquilo cas cifras existentes

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 7184/2017.Moción do Grupo PP de 14.11.2017 s/ obras previstas no barrio de Herbello**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 9, En contra: 11,

Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 20.11.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 14.11.2017, relativa as obras previstas no barrio de Herbello, que é como segue:

*"Dentro das obras previstas no contrato do Ciclo da Auga figuraba o abastecemento ao barrio de Herbello na parroquia de Aldán. Mesmo recentemente na prensa (25.Agosto.2017) se anuncia un proxecto financiado pola concesionaria por importe de 293.668 €. Aclara a Concelleira de Servizos,"que lamentablemente, e por algo alleo o compromiso político, a revisión técnica do proxecto por parte dos servizos municipais, retrasou a súa aprobación e, por conseguinte , o inicio das obras " . O informe conxunto de Urbanismo e Obras confirma que resolve a situación, conclúe. Curiosamente noutro anuncio na prensa o pasado día 08.12.2016 o importe da citada obra era de 165.000 € .*

*O pasado 24 de outubro do 2016 no punto nº 8 da orde do día da Xunta de Goberno por unanimidade dos membros presentes acordan renunciar á subvención recibida para execución da obra "Pavimentación de vía de acceso a Explotacións Agrarias en Herbello " . O importe da subvención era de 65.704,998€ , e foi notificada pola Consellería de M.Rural da Xunta de Galicia o Concello , o 12.05.2016*

*Pois a pesar dos anuncios efectuados nos medios de comunicación, a situación está como estaba, e parte do barrio de Herbello está sen auga e sen asfaltar.*

*Por todo iso efectuamos as seguintes Propostas de Acordo:*



*1º.- O Pleno da Corporación insta ao equipo de Goberno a que esixa á empresa concesionaria do ciclo da auga a que execute con carácter inmediato a citada obra , e de non executala no prazo de 3 meses se proceda a execución por parte do Concello, requirindo con posterioridade o citado importe á concesionaria pola vía xudicial .*

*2º.- Proceder ao asfaltado do centro de Herbello, ben sexa a través de achegas doutras Administracións, ou de non ser posible as mesmas con fondos propios do Concello, comprometéndose a incluír unha partida no orzamento do ano 2018 ."*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Sotelo Villar:** indica explica que se trae a moción por pedimento duns veciños que pediron que se insistira neste tema, quizais motivado pola sequía que se está a sufrir. Dá lectura á moción.

No contrato asinado ca UTE había un plan de investimentos onde figura a mellora de abastecemento en Herbelle con 144.000 e, un proxecto efectuado pola empresa e supervisado polos técnicos municipais

O 25 de agosto a prensa anuncia que o proxecto serán 193.000 €

Di que o retraso da obra foi motivado pola ruptura do contrato da auga, tres anos desde que se asinou o contrato a empresa se está facendo o sueco.

Di que se renunciou a unha subvención para asumir as obras (dá lectura a unha noticia de prensa 8.12.2016).

Pide

*“1º.- O Pleno da Corporación insta ao equipo de Goberno a que esixa á empresa concesionaria do ciclo da auga a que execute con carácter inmediato a citada obra , e de non executala no prazo de 3 meses se proceda a execución por parte do Concello, requirindo con posterioridade o citado importe á concesionaria pola vía xudicial .*

*2º.- Proceder ao asfaltado do centro de Herbello, ben sexa a través de achegas doutras Administracións, ou de non ser posible as mesmas con fondos propios do Concello, comprometéndose a incluír unha partida no orzamento do ano 2018 ."*

**Sra. Giráldez Santos:** fixo un relatorio de datas para intentar facer un croquis, pero foi saltando de data en data.

No tema abastecemento a Herbello do que contrataron s no ciclo de auga, unilateral e pode ser que se anulase ou non. O que si fixo foi asinar un contrato unilateralmente por 25 anos, v unha previsión de obras que non resolvíam os problemas dos veciños de Cangas. O proxecto non contemplaba dotar a todo o núcleo de Auga, dende a rede existente en Aldán e tirar do grupo de presión de Mendiña

Cando decidimos acometer esta obra, ó existirem máis de 291 habitante neste núcleo, revisado o proxecto redactados por vostedes aparece a axuda que existía un requisito que era que tiñan que existir 3 explotacións agrarias de alta , e o único sitio onde se cumprir este requisito era en Herbello. Esto o o solucionaron para este ano. Non había outra zona onde se cumpriran os





Concello de Cangas

requisitos. Non ten sentido o asfaltado primeiro para abastecelo despois  
Neste caso para non cargar o grupo de Mendiña se esudiu o de Piñeiro para levalo á cota máis baixa para poder conectalo. Non existen as redes. AS redes existente chega as casa máis altas pero non continua ata o depósito. Isto coincide no tempo ca tramitación deste proxecto e os técnicos revisarops polo miúdo para dispor de enlace do depósito deo Piñeiro (conexión do Piñeiro e o grupo de Mendiña) . Se pode´ra repoñer o servizo moito máis rápido. É un novo proxecto con novas partidas e novas dotacións. O proxecto xa se aprobou se fixeron catas, non se abiru a rúa porqu ehai que facer máis cousas antes

**Sr. Iglesias Santos:** di que hasta última hora estaba .perdido

**Sra. Giráldez Santos:** esta executándose o proxecto.

**Sr. Sotelo Villar:** gran parte de Herbello ten auga neste momento porque hai unha tubería do Piñeiro e paralelo a es á estrada de Herbello se enlaza diante doasncs Gallego que hai un depósito de redución. Cal é o de Piñeiro de Darbo? O que se bombea ao Castelo, e paralelo á N 1002 e enlace diante do banco ca tubería que ven da estrada autonómica

Os grupos de presión de Rozabales son os que subministran a zona alta de Aldán. A día de hoxe o único feito é un tablón, porque antes do pleno non hai nada feito, tampouco figura a empresa adjudicataria. O único que figura é o prazo de execución

Os técnicos son os memos que redactaron o proxecto e porque pasou de 144 a 3000 euros.???????????? Hoxe unha concelleira intentou localizan o proxecto non lle mandaron nada.

Hai dúbida porque a mesma empresa á que se lle resolverá o contrato agora acomete unha obra. Diante desta empresa están tumbaos non sentaods

**Sra. Giráldez Santos:** indica que ao mellor do Sr. Millán Blanco ten máis idea porque misturouno todo intentando desmontar o que... depósito, de Darbo, estrada 1002, de ...Dende o cambio de rasante ata donde está a canlización non hai rede

Tamén sabe que ese depósito que nunca se utilizou o de .... porque está nunha cota máis baixa e había que facer un bombeo enorme. Requírese tamén instalación eléctrica como se atreve a dicir que existe connivencia coa empresa coa cal aminorou o contrato o ..... por 25 anos.

Non plan de concellos 2017 está previsto o asfaltado dos viais.

**Sr. Sotelo Villar:** asinou un contrato donde se contemplan 3,5 millón de investimento. Esa ordenanza siniestra aprobada reduciu o prazo 415 anos. No terceiro trimestre 2015 do padrón.....

**Sr. Alcalde:** quere dicir que as tarifas foron incrementadas as aplicadas por vostedes?..... Subimos as tarifas.

O Sr Alcalde pregúntalle ao Sr. Sotelo Villar.

O Sr. Sotelo Villar di que si. Solicitou un informe coa sinatura dos oito concelleiros que xustifique o incremento do orzamento no 100%, por moitos bombeos que existan, non varia .....

**Sr. A lcalde:**di que a Sra. Giráldez non mentiu e que ..... a pegatina e que o luns empezan as



Concello de Cangas

obras.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE")

**Votos en contra:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).

**Abstencións:** 1 do PsdeG-PSOE

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 7181/2017. Moción do grupo PP de 14.11.2017 para establecer unha estratexia para erradicar os verquidos en Cangas**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 10, En contra: 11,  
Abstencións: 0, Ausentes: 0

#### Incidencias:

Cando son as ... horas e ... minutos, abandona o Salón de Sesiões o Sr. Alcalde e queda na Presidencia a primeiro tenente de Alcalde Sra. Giráldez Santos.

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 20.11.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 14.11.2017, relativa a establecer unha estratexia para erradicar os verquidos en Cangas que é como segue:

*“As Administracións Públicas, e en especial os Concellos, teñen a obrigaçión de desenvolver medidas que favorezan a calidade de vida dos seus veciños, facendo un pobo sustentable e respectuoso co medio ambiente, como acenos de identidade da herdanza que haberán de recibir os nosos descendentes, de maneira que evitemos a contaminación da nosa propia contorna natural.*

*As verteduras de augas ao mar que non reciben un tratamento completo de depuración teñen unha especial incidencia no medio ambiente: eutrofización das nosas augas, afeccións a especies mariñas, etc., ademais de efectos moi prexudiciais para unha das principais actividades económicas da nosa vila como é a pesca, e tamén o turismo.*

*Nestes dous últimos meses producíronse diversos episodios de verteduras importantes ao noso litoral, coa consecuente contaminación que estes levan. Aldán, Vilariño, A Congorza, etc. foron zonas afectadas polas verteduras. A importancia das verteduras agrávase ao ser nunha zona de marisqueo e pesca.*

*Tamén lembrar os numerosos alivios da EDAR. de Balea, denunciados polos veciñ@s e os mariñeir@s e con diversos informes tanto da Policía Local como da Garda Civil. Ademais o propio Goberno Local aporta máis de corenta expedientes de episodios de contaminación no documento aprobado para a rescisión do contrato da empresa adxudicataria do Ciclo Integral da Auga.*

*Dita situación é, sen dúbida, o produto de un goberno municipal que "mirou cara a outro lado"*



*e non quixo abordar un problema que nestes anos acentuouse no noso municipio.*

*Tamén é o resultado do descontrol e ausencia de fiscalización por parte do Concello á UTE contratada para xestionar o Ciclo da Auga en Cangas; aínda que esta é responsable de xestionar as augas residuais de Cangas as instalacións son municipais.*

*A xestión do ciclo integral da auga é problemática, polo que se fai necesario que se actúe con contundencia dunha vez por todas.*

*As condicións nas que se atopan os sistemas de saneamento e depuración non son as que deben, e a súa falta de mantemento é evidente e coñecido polo Goberno Municipal.*

*Por todo o relacionado, é evidente que nos atopamos ante un dos problemas máis graves que ten esta vila e é urxente buscar solucións sen máis demora, por o que presentamos as seguintes:*

#### *Propostas de Acordo*

*1- Instar ao Goberno Municipal a poñer en marcha un plan de actuacións que inclúa un Plan de Erradicación de Verteduras non autorizadas ao litoral, que teña como tinalidade a "tolerancia cero" ante esta problemática.*

*2- Realizar estudo de medidas correctoras necesarias para minimizar o risco de verteduras, e realizar un cronograma de execución das evanditas medidas correcotras avaliadas, priorizando as veteduras de máis gravidade e impacto.*

*3- Informar con transparencia dos traballos que se vaian realizando.*

*4- Instar ao Equipo de Goberno a que desenvolva unha campaña de educación, información e concienciación cidadá para fomentar os comportmentos responsables no uso da auga e dos sistemas de saneamento municipal, este pode ser financiado coa partida anual reflectida no Prego Técnico de Ciclo Integral da Auga.”*

#### **DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Graña Graña:** Indica que despois de ... do verquido de Aldán non hai nada ... e a situación é grave porque é unha zona de marisqueo. A UTE tería que facer o investimento. Toda a documentación está ahí. Non hai ese tramo e hai que conectalo e, por ... se optimiza un depósito de 800 m<sup>2</sup> existente. Desde esa cota permitirá máis presión ao resto das zonas de Aldán. Dille ao Sr. ... que faga valoración política, non técnica.

Tamén save que ese depósito que nunca se utilizou de ..... porque está nunha cota máis baixa e habería que facer un bombeo enorme.

Requírese tamén instalación eléctrica, como se atreve a dicir que existe connivencia coa empresa coa cal asinou o contrato .. por 25 anos.

No plan de concellos 2017 está previsto o asfaltado dos viais.

**Sr. Sotelo Villar:** asinou un contrato onde se consideran 3,5 millóns de investimentos. Esa ordenanza siniestra aprobada reduciu o prazo 415 ???? anos. No terceiro trimestre de 2015 ... o padrón .....

**Sr. Alcalde:** quere dicir que as tarifas foron maiores ás aplicadas por vostede....



Este é o problema medioambiental máis grave da vila.

**Sr. Iglesias Santos:** é unha moción moi interesante. Débese constatar que os verquidos que se podan estudar desde tres puntos de vista.

- A conducta delictiva e que se castiguen aos culpables
- En canto á UTE é moi posible que exista responsabilidade
- En canto ao Concello por non controlar a quen ten que controlar.

É algo moi serio e que o goberno debe poñer ... para poñerlle unha solución definitiva.

**Sr. Abalo Costa:** di que non sabe se tomalo a broma como dixo a Sra. Giráldez Santos se nos acusa de romper o contrato, por que non acusan á empresa de incumprimento?. Primeiro se asinou un contrato con un investimento mínimo e agora se culpabiliza ao goberno, igual que cando se fala das tarifas. Seguiremos aplicando as tarifas do 2014? Ogallá se recaden máis porque non.... Hai un contencioso que se di unha cousa e agora se cambia a partitura. Di que non ahi problema en que se abra un debate público. O contrato fundamentouse nun anteproxecto ..... O terciario.....

As Edares teñen unha necesidade de investimentos que non estaban previstas.

#### Incidencias:

Cando son as ... horas e ... minutos, incorpórase ao Salón de Sesiós o Sr. Alcalde.

O Sr. Abalo Costa di que salvo o último punto no que está de acordo???????????

**Sra. Castro Paredes:** Indica que primeiro dixeron que existía ausencia de fiscalización e 40 casos fiscalizados polo .... a exposición decae.

A institución que recibe 300.000 € ..... de Cangas é Augas de Galicia, e a consellería do Mar. En Marea solicitou un incremento de partida destinada na consellería para o investimento.

A ría de Vigo está contaminada por produtos farmacolóxicos psicoactivos,????? cafeína e icol, dentro da aceptación, pero .....

**Sr. Graña Graña:** di que isto é todo unha broma,eres a voz de Fran de Aqualia sen ter nin idea dos informes de auga. Di que como non ten un terciario non cumpre ... microbiotóxico.....

**Sr. Alcalde:** ....

O expediente non foron tramitados, di que se pode sancionar por contaminar. A cantos se lle pediron os informes desde hai dous anos.

**Sr. Iglesias Santos:** Pregunta se están identificados ou se van identificar e se vai un por un se podería solucionar, tería que existir un controlador do controlador.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP,1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

**Votos en contra:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita



anteriormente.

**Expediente 7180/2017. Moción do grupo PP de 14.11.2017 para arranxo e ampliación do carril bici**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 12, En contra 0,

Abstencións: 9, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 20.11.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 14.11.2017, relativa ao arranxo e ampliación do carril bici, que é como segue:

*“As Administracións Públicas temos a obrigaón de promover usos e costumes respectuosos co Medio Ambiente e coa saúde dos cidadáns. Entre estas prácticas que debemos promover as institucións, temos que mencionar o uso da bicicleta como medio de transporte e práctica saudable.*

*Os beneficios do uso da bicicleta son numerosos: non contaminan, permite diminuír o tráfico de vehículos a motor o que se traduce en menos atascos e problemas de aparcadoiro, é un hábito saudable xa que a súa práctica moderada reduce a obesidade, a hipertensión, etc...*

*É constatable que o uso da bicicleta na nosa vila está a aumentar de maneira progresiva nos últimos anos. É igualmente certo que o Concello esforzouse en aumentar os quilómetros de carril bici, abarcando cada vez máis zonas do noso pobo. E desexamos que nun futuro próximo, os usuarios da bicicleta poidan acceder a máis lugares da nosa vila, sen ter que depender doutro medio de transporte.*

*Pero hai outro problema que vai máis aló da necesidade de novos carrís bici para Cangas. Trátase do mantemento dos que xa temos na actualidade. E é que algúns tramos do mesmo, deixan moito que desexar con desniveis, gretas e sen a capa de rodaxe, provocando riscos para os seus usuarios.*

*Un exemplo diso é o trazado que discorre pola fronte marítima do centro de Cangas, nas que as liñas están borradas e o pavimento atópase en moi mal estado en moitos tramos, sendo un perigo para circular coa bicicleta por eles.*

*Neste momento os orzamentos municipais atópanse en fase de redacción, por iso entendemos que é o momento oportuno de aprobar partidas para esta infraestrutura.*

*Polo anteriormente exposto, exponse as seguintes propostas de acordo:*

- Revisar e reparar as numerosas zonas do carril bici que se atopan en mal estado.*
- Establecer no capítulo de investimentos do Orzamento do 2018 unha partida específica para os arranxos antes citados e a creación de novos tramos do carril-bici xa existente, e solicitar axudas de outras administracións para este fin.*

*Tamén se dá conta da emenda de substitución do grupo de goberno que di:*

*"1.- Continuar coa revisión e reparación do carril-bici actual mas zonas detectadas en mal estado.*



2.- *Estudar a idoneidade do tramo existente así como as futuras ampliacións no Plan de Mobilidade Sostible (PMUS) que se redacte."*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Graña Graña:** Indica que a bici é un medio sostible, saudable e que se practica en Cangas de xeito maioritario. Di que se debería separar o tránsito peonil dos das bicicletas.

**Sr. Iglesias Santos:** di que despois da moción ....., pero vista a emenda do goberno cuestionase o .... É partidario de que se ... e que se faga un estudo profundo.

**Sr. Gestido Porto:** pregunta cal é o posicionamento do PP?

**Sra. Giráldez Santos:** a emenda é de todo o goberno porque tamén se pensa que o carril existente se cuestiona a súa idoneidade. O mantemento é mínimo, se fixeron ... Prévese que se ... o mantemento do carril. ...., financiado pola Deputación e coordinados co Concello ....

**Sr. Graña Graña:** aclara que o primeiro que ... a Sra. Giráldez Santos está a falar e diría que puxeron o ... Se se vai arranxar ten que levar ??? investimentos.

**Sra. Giráldez Santos:** di que as reparación .... a ampliación é investimento.

**Sr. Graña Graña:** di que os arranxos si son gastos correntes e investimentos non.

**Sr. Alcalde:** Indica que os investimentos van nunha partida para o PMUS????

**Sr. Graña Graña:** non acepta o engadido. O carril é un perigo, pero ese plan .....

**Sra. Giráldez Santos:** -----

**VOTACIÓN E ACORDO DA EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:**

**Votos a favor:** 12 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE").

**Abstencións:** 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a emenda de substitución transcrita anteriormente.

**Expediente 7174/2017. Moción do PSdG-PSOE de 15.11.2017 s/ elaboración e incorporación ao futuro plan de vivenda estatal dun programa de prevención e atención ao "senfogarismo"**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0,

Abstencións: 8, Ausentes: 0

Incidencias:

Cando son as 22:10 horas, abandona o Salón de Sesiós o concelleiro Sr. Graña Graña.



Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 20.11.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PS de G- PSOE, do día 15.11.2017, relativa a elaboración e incorporación ó futuro plan de vivenda estatal dun programa de prevención e atención ó "senfogarismo" que é como segue:

*“O Instituto Nacional de Estatística sinala que en España 23.000 persoas atópanse nunha situación de “senfogarismo” e fan uso dos recursos especializados. Pero ademais, segundo as organizacións do sector, polo menos hai 8.000 persoas máis que estarían fóra da rede de atención e que viven e permanecen de forma estable nas rúas. As características e historias de vida destas persoas son diversas, pero todas comparten unha mesma situación: non dispoñen dunha vivenda, dun fogar. Con todo, e de forma paradoxal, as políticas de vivenda non prestaron atención ao fenómeno do “senfogarismo”, de maneira que aquelas persoas cuxa situación de exclusión vén definida pola ausencia de vivenda, non son un colectivo prioritario para as políticas precisamente dirixidas a favorecer o acceso ao dereito a unha vivenda, e iso a pesar de que contamos cunha ferramenta: A Estratexia Nacional Integral para as Persoas Sen Fogar. Esta é a ferramenta que o Goberno de España aprobou en 2015 para dar resposta á situación deste colectivo outorgando á vivenda un papel relevante para poñer fin ao “senfogarismo”. A estratexia destaca “a implicación das administracións con competencia en materia de vivenda para facilitar o acceso das persoas sen fogar á vivenda pública ou privada”, pero pouco se fixo por parte das administracións para poñer fin a este fenómeno do “senfogarismo”, que vai en auxe, e as cifras demostrano.*

*E é que tradicionalmente o “senfogarismo” abordouse como un problema de servizos sociais, poñendo o foco da intervención en características individuais das persoas, pero é importante poñer de manifesto o impacto que ten ou pode ter a vulneración do dereito á vivenda, pois os dereitos humanos son interdependientes e indivisibles e están relacionados entre si, de forma que a violación do dereito a unha vivenda adecuada pode afectar o goce dunha ampla gama doutros dereitos humanos, e viceversa. É por iso que habernos de dar respostas efectivas ás Persoas sen Fogar, atallar o problema con medidas reais e por iso a través desta Moción queremos instar ao Goberno precisamente a iso, á adopción de medidas concretas destinadas a abordar o fenómeno do “senfogarismo”.*

*Mentras o Goberno de España non adopta as medidas que aquí se piden, o Concello de Cangas, dentro das súas posibilidades, tamén tén que facer un esforzo para abordar esta situación dos sen fogar.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ao pleno da corporación á toma dos seguintes*

*Acordos:*

*- Instar ao Goberno de España en colaboración coas Comunidades Autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias, a elaborar e incorporar ao futuro Plan Estatal de Vivenda, un Programa de prevención e atención do “senfogarismo”, en cumprimento do disposto na Estratexia Nacional Integral para as Persoas Sen Fogar, que contemple, entre outras, as seguintes medidas:*

- Axuda ao aluguer para persoas sen fogar.*
- Apoio ao desenvolvemento de Programas Housing First, dirixidos á erradicación do “senfogarismo” máis extremo de rúa.*
- Financiamento de obras de rehabilitación das infraestruturas de aloxamento colectivo da rede de atención a persoas sen fogar.”*





**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Iglesias Santos:** ... non se podía pensar que ... millóns de vivendas baleiras e moita xente sen fogar.

Dá lectura á moción.

**Sr. Hermelo Álvarez:** di que se apoiará a moción cos dúas cuestións....Este goberno arranxou unha vivenda na casa do pobres para apoio de persoas e se optou por facer unha vivenda de tres habitacións. Pide que se modifique a palabra senfogarismo porque parece algo lúdico.

Cambiar “senfogarismo”, por “persoas sen fogar”.

A Proposta queda aceptada.

**Sr. Soliño Costas:** Di que o PP se está a favor e se defende o dereito de todo o mundo a ter un fogar. O goberno estatal aprobou en 2015 o Plan estatal e xa estan en marcha moitas medidas asistenciais.

**Sr. Gestido Porto:** apoiará a proposta.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

**Abstencións:** 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 7183/2017. Moción de Cangas Decide de 15.11.2017 s/ identificación do nome dos lugares nas parroquias**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 20.11.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal “Cangas Decide”, do día 14.11.2017, relativa á identificación do nome dos lugares nas parroquias, que é como segue:

*“Entendemos que a sinalización das parroquias é importante, pero a identificación dos lugares non é menos. Sobre todo, despois de coñecer as dificultades que ten o servizo de correos ou repartidores de paquetes para localizar os sitios correspondentes.*

*Así mesmo creemos na obrigaón municipal de manter actualizado e preservar o nome de cada un dos lugares das nosas parroquias e do mesmo xeito que se realizou nos lugares das parroquias de Hío e Aldán.*

*E polo que presentamos para seu debate no Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*



1. Sinalizar e identificar os nomes dos lugares das parroquias de Darbo e Coiro.”

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Gestido Porto:** aínda que no punto anteriorese fixo referencia á aprobación do ruevo de Darbo, aquí se quere reivindicar?? que se ... coa posta en marcha do ruevo e que se poña en marcha a identificacion dos lugares.

**Sra. Giráldez Santos:** Indica que a anterior identificación se fixo no 2006. Votarase a favor porque o traballo está aí e continuaremos con el. Falta tamén Cangas.

**Sr. Millán González:** Indica que apoiará a moción, pero di que unha cousa é o ruevo e outra identificar lugares que ese tamén é función das distintas asociacións de veciños.

**Sr. Gestido Porto:** Di que xa comentou na Comisión Informativa que se refería a dúas cousas.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada transcrita anteriormente.

**Expediente 3285/2017. Dación de conta dos informes de reparo de intervención segundo a base de execución núm. 38 do orzamento municipal.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

O Pleno municipal queda informado dos informes de reparo de intervención en cumprimento da base de execución núm. 38 do orzamento municipal

**Urxencia:**

**Moción do Grupo Municipal “Cangas Decide”, S/ a paralización das obras de reforzo do firme das estradas PO-315 e PO-551**

Dáse conta da moción do Grupo Municipal “Cangas Decide”, do día 24 de novembro de 2017, que é como segue:

*“A Consellería de Infraestructuras e Vivenda sacou a licitación as obras de reforzo do firme nas estadas PO-315 e PO-551 ao seu paso Bueu, Cangas, Pontevedra, Marín e Moaña, así como da variante de Marín (VG-4.4)*

*Aínda entendendo a necesidade de actuar neste vial cremos pensar que se pode tratar dunha broma, nestes momentos no que se atopa pechada a Vía Rápida.*

*E polo que presentamos para o seu debate no Pleno a seguinte proposta de acordo:*

*1.- Solicitar á Consellería da Xunta de Galicia a paralización desta actuación mentres se atope pechada a vía rápida”*

**Ratificación da inclusión na orde do día e declaración de urxencia:** de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do R.d. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o



Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello Pleno, cos votos a favor dos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais 7 PP, 1 PSOE e 1 Cangas Decide (9) e os votos a favor dos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais 4 ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN (11), acorda rexeitar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

**DELIBERACIÓNS:**

**Sra. Giráldez Santos:** xustifica que non entende como urxente o retraso dunha obras. Di que teremos corredor en funcionamento antes da.....

**Sr. Iglesias Santos:** vota que si porque mentre se atope pechado, .....

**Sr. Sotelo Villar:** as hemerotecas están aí. Di que por urxente sempre o votaron a favor as urxencias das mocións, que .....

**Sr. Gestido Porto:** di que non lle extrana a súa postura porque non lle preocupou que se tivese que .....

**Urxencia:**

**Moción do Grupo Municipal PP, S/ a S.O.S. Protectora de Animais**

Dáse conta da moción do Grupo Municipal “Cangas Decide”, do día 24 de novembro de 2017, que é como segue:

*“Coa fundación da Protectora de Animais do Morrazo, voluntarios de todo o Morrazo e arredores, de maneira desinteresada e altruísta comezaron a traballar co fin de axudar e buscarlles un fogar para os cans abandonados.*

*Desde as súas orixes a Protectora de Animais do Morrazo, fíxose cargo dos cans abandonados nos concellos de Cangas, Bueu e Moaña, quitándolles aos concellos un grande problema.*

*A día de hoxe, entre o aumento de cans abandonados, a ruptura da furgoneta coa que realizaban as axudas e a falta de cartos motivada polos impagos de dous concellos Cangas e Bueu, leva a Protectora de Animais do Morrazo a unha situación límite.*

*Propoñemos ao Pleno a seguinte proposta de Acordo.*

*- Instar ao Concello de Cangas a que se estude e aumente a contía económica reflexada no convenio Concello de Cangas- Protectora de Animais do Morrazo, para pasar de 15.000 € anuais a 20.000 € anuais.*

*- Que o Concello de Cangas en conxunto cos de Moaña, Bueu e calquera outra administración (Deputación e Xunta de Galicia) financien a adquisición dun vehículo para a Protectora de Animais do Morrazo.”*

**Ratificación da inclusión na orde do día e declaración de urxencia:** de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do R.d. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello Pleno, cos votos a favor dos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais 7 PP, 1



Concello de Cangas

PSOE e 1 Cangas Decide (9) e os votos a favor dos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais 4 ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN (11), acorda rexeitar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Alcalde:** dá lectura á moción e lle di ao Sr. Soliño Costas que o problema económico está solucionado e que non xustificaron por problemas neses momentos.

**Sr. Soliño Costas:** o motivo de traer a moción e porque está a furgoneta estropeada e non poden facer o seu traballo. Trátase de que a división ?????? entre os 3 concellos, a Xunta, Deputación se busque financiamento para a furgoneta.

**Sr. Alcalde:** non dubida da urxencia das necesidades e que se propón a negociación coas administracións. Non ve ... reunirse primeiro coa protectora. Que se rexeite a urxencia non quere dicir que se pase.

**Sr. Hermelo Álvarez:** falou coa protectora esta semana ... solicitaron .... Quedouse de tratar este tema na mancomunidade. Existe un convenio que se cumpre .....

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

**Dación de conta das resolucións da Alcaldía ditadas desde o 26 de setembro ata o 15 de novembro de 2017**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

**Dación de conta das liñas fundamentais dos presupostos.**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

**Dación de conta da execución presupostaria do terceiro trimestre 2017**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

**Dación de conta do seguemento do plan de axuste, terceiro trimestre 2017**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

**Dación de conta do informe de morosidade e periodo medio de pago, correspondente ao terceiro trimestre 2017**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.



Concello de Cangas

**Dación de conta do custo efectivo dos servizos, terceiro trimestre 2017**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

**Dación de conta da resolución 2017-1352 relativa ao expediente de resolución do contrato de xestión do ciclo integral da auga**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Sr. Soliño Costas: pregunta se se reuniron no centro cultural Cimadevila. Hai un problema porque aparca todo o mundo. Hai solución?

Sr. Alcalde: contesta que se lle pediu informe á Policía e cre que vai á Xunta de Goberno Local este luns. Sería prohibir o estacionamento no lateral dereito subindo. En canto ao aparcamento de abaixo ..... que se abra para a xente que vai ensaiar

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**